

PLAN DE FORMACIÓN, ORIENTACIÓN E TITORIZACIÓN DO ESTUDANTADO DA FFP (PLAN FORTE-FFP)



PLAN DE FORMACIÓN, ORIENTACIÓN E TITORIZACIÓN DO ESTUDANTADO DA FFP (PLAN FORTE-FFP)

Tendo en conta a diversidade de actividades e iniciativas que se desenvolven na FFP para contribuír á formación e á orientación académico-profesional do alumnado, considerouse pertinente integrar a partir do curso 2019-2020 todas as accións de mellora relacionadas con este aspecto nun único **Plan Integral de Formación, Orientación e Titorización do Estudiantado da FFP (Plan FORTE-FFP)**, que incorpora todas as iniciativas desenvolvidas en todos os cursos dos Graos a este respecto. Dese xeito, plantéxase integrar nunha única acción de mellora as diferentes tarefas a desenvolver para afrontar unha serie de obxectivos relacionados.

O Plan FORTE-FFP, integra, polo tanto, tódalas iniciativas levadas a cabo en diferentes cursos académicos cos seguintes obxectivos:

1. Proporcionar orientación e titorización ao alumnado de novo ingreso e ao de posteriores cursos sobre o funcionamento da Universidade e da Facultade, o plan de estudos e a oferta académica, con especial atención ás mencións cualificadoras
2. Proporcionar información sobre bolsas e axudas, prácticas, saídas laborais e actividades relacionadas coa profesión específicas dos Graos cursados, así como formación para a creación de perfís profesionais, en colaboración co Servizo de Orientación Laboral do Campus de Lugo e outras organizacións externas.
3. Incrementar e enriquecer a formación do alumnado mediante a organización de relatorios, coloquios, prácticas de campo, actividades de aprendizaxe-servizo e outras actividades transversais ou específicas para diferentes materias, contando coa participación de profesionais externos.
4. Procurar o desenvolvemento das competencias transversais do alumnado (por exemplo, relacionadas coa busca e citación de información, a corrección de traballos académicos, etc.) as súas destrezas comunicativas e a competencia lingüística en galego e castelán mediante a colaboración interdisciplinar e a organización e difusión de sesións formativas e cursos de formación, coa participación de servizos da Universidade e da Facultade (Biblioteca).

ACTIVIDADES POR CURSOS

PRIMEIRO

Xornada de acollida
Información sobre os graos
(requisitos, estrutura, saídas)
Alumnado titor

SEGUNDO

Sesión informativa
mencións
Sesión informativa
Prácticum
Información sobre os graos
(requisitos, estrutura,
saídas)
Alumnado titor

TERCEIRO

Información sobre os graos
(requisitos, estrutura,
saídas)
Alumnado titor

CUARTO

Información sobre os graos
(requisitos, estrutura,
saídas)

Información sobre bolsas e
axudas

Información sobre bolsas e
axudas

Información sobre bolsas e
axudas

Información sobre bolsas e
axudas
Xornadas de formación e
orientación laboral

Actividades transversais e
específicas
Relatorios profesionais
externos

Actividades transversais e
específicas
Relatorios profesionais
externos

Actividades transversais e
específicas
Relatorios profesionais
externos (Prácticum)

Actividades transversais e
específicas
Relatorios profesionais
externos (Prácticum)

Curso habilidades
informacionais (nivel básico)
Proxecto CompetenteS
Formación en competencias
transversais

Proxecto CompetenteS

Proxecto CompetenteS

Proxecto CompetenteS
Curso habilidades
informacionais (nivel
avanzado)
Curso habilidades
comunicativas

Consonte a esta proposta de integración, seis das accións de mellora desenvolvidas durante o curso 2019-2020 ([AM-01](#), [AM-04](#), [AM-05](#), [AM-14](#), [AM-18](#) e [AM-23](#)) continúan no curso seguinte como parte no Plan FORTE-FFP ([AM-01](#) 2020-2021), que integra asimesmo a tarefa realizada na [AM-25](#) (realización e difusión de presentacións sobre a estrutura, requisitos e saídas profesionais dos graos, inicialmente deseñadas para a captación de futuro alumnado, e reutilizadas para a orientación do alumnado da Facultade).

Aprobado pola Comisión de Calidade o 30 de abril de 2021

PLAN FORTE-FFP FASE 2

Tal e como se expón na Memoria de Calidade do curso 2019-2020, considerouse pertinente integrar a partir dese curso todas as accións de mellora relacionadas coa orientación académico-profesional do alumnado dos Graos nun único **Plan Integral de Formación, Orientación e Tutorización do Estudiantado da FFP (Plan FORTE-FFP)**, que incorpora todas as iniciativas desenvolvidas en todos os cursos dos Graos a este respecto axustándose ao proceso PC-03 (Apoio a estudantes) do Manual de Procesos. Este proceso ten por obxecto establecer como o centro acolle, orienta e tutela ao alumnado na súa incorporación á universidade e durante todo o período de estudos, coa finalidade de favorecer a súa aprendizaxe, o seu desenvolvemento e a súa orientación laboral.

Nunha segunda fase, que persegue extender o plan de formación e orientación a todo o alumnado do Centro, propónse traballar na mesma liña integradora, neste caso incorporando ao Plan ao alumnado dos Mestrados (MPES e MDAEN). Dese xeito, o Plan FORTE-FFP amplíase dando cabida ás accións de mellora que se veñen desenvolvendo de xeito continuado nos Mestrados con relación á formación e orientación académico-profesional do alumnado, as cales pasan a formar parte dun Plan único para o alumnado da Facultade.

Tendo en conta as catro liñas de actuación establecidas no Plan-FORTE-FFP para os Graos, as actividades desenvolvidas nos Mestrados encamiñanse, de xeito similar, cara aos seguintes obxectivos:

1. Proporcionar orientación ao alumnado sobre o funcionamento da Universidade e da Facultade, o plan de estudos e a oferta académica
2. Proporcionar información sobre bolsas e axudas, prácticas, saídas laborais e actividades relacionadas coa profesión, así como formación para a creación de perfís profesionais
3. Incrementar e enriquecer a formación do alumnado mediante a organización de relatorios, coloquios, prácticas de campo, actividades de aprendizaxe-servizo e outras actividades transversais ou específicas para diferentes materias, contando, de ser o caso, coa participación de profesionais externos.
4. Procurar o desenvolvemento das competencias transversais do alumnado (por exemplo, as relacionadas coa busca e citación de información, a corrección de traballos académicos, etc.) mediante a colaboración interdisciplinar e a organización e difusión de sesións formativas e cursos de formación.

Sendo ámbolos dous Mestrados de carácter anual, as actividades desenvolvidas non se distribúen por cursos.

PROCEDEMENTO DE INTEGRACIÓN

No curso 2022-2023 as accións de mellora dos Mestrados susceptibles de ser integradas no Plan Forte-FFP son as seguintes:

MPES e MDAEN AM-15 (22-23) Actividades formativas a cargo de profesionais externos (liñas 1 e 3)

MPES AM-16 (22-23) Curso de competencias en información na contorna dixital (orientación e apoio para a elaboracion de TFM's) (liña 4)

MPES AM-17 (22-23) Incorporación da perspectiva de xénero (liña 3)

MDAEN AM-18 (22-23) Saídas formativas (prácticas de campo). Actividade en Potes coa Universidade de Cumbria (liña 3)

MDAEN AM-19 (22-23) Saídas formativas (prácticas de campo). Prantación de árbores polo Día dos Bosques (liña 3)

MDAEN AM-22 (22-23) Saídas formativas (prácticas de campo). Coñecemento de empresas agrícolas exemplares e espazos singulares de conservación do patrimonio natural, histórico e rural (liñas 2 e 3).

Unha vez aprobada a integración destas accións no Plan FORTE-FFP (Reunión da Comisión de Calidade do 25 de maio de 2023 e Xunta de Facultade do 6 de xuño de 2023), **nos Autoinformes de seguimento dos Mestrados para o curso 2022-2023, así como na Memoria de Calidade, pecharanse esas accións e indicarse que, a partir dese curso, as accións pasan a formar parte do Plan, e levaranse a cabo de xeito protocolizado en vindeiros cursos, polo que non se reabrirán como accións de mellora específicas**, sen perxuízo de que algunha delas poida ser obxecto de tarefas de mellora, para o cal si se abrirá unha nova acción no Autoinforme de seguimento do curso que corresponda, así como na Memoria de Calidade.